

Actividades para proxectos | Bloque 1 : Presentación e organización de Equipos

Secundaria. 16 a 19 anos

Coñece o teu equipo e gaña!



Educación Secundaria

16 a 19 anos



Nivel

Medio



Temporalización

9 sesións



Socios

3 socios

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Créanse grupos nacionais que á súa vez forman parte dun equipo internacional máis grande. Os alumnos nunha foto de grupo nacional enlazan vídeos de presentación. Máis tarde colgan nun muro colaborativo unha fotografía da infancia e os compañeiros terán que identificalos. A partir da información recollida nos seus perfís e nas anteriores actividades terán que facer un cuestionario-concurso.

OBXECTIVO DA ACTIVIDADE

1. Crear equipos internacionais: presentarse e primeiros contactos.
2. Comunicarse e interactuar a través de actividades de gamificación.

DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE

Fase 1: Preparación (2 sesións)

Paso 1: Os profesores rexistran os seus alumnos e sacan un listado coas claves dos seus alumnos para facilitarllas posteriormente.



Paso 2: Creación de grupos e páxina de presentación

- Os profesores distribúen os alumnos en equipos internacionais con 4 alumnos por país. Aconséllase que cada centro forme grupos nacionais heteroxéneos con habilidades mixtas.
- Os profesores crean unha páxina de presentación no TwinSpace do proxecto cos seguintes contidos:
 - Unha breve benvida--introdución ó proxecto
 - Explicación das actividades de presentación.
 - Táboa cos equipos internacionais xunto a un docente que exercerá de titor do equipo.



Paso 3: Completar perfil e primeiro contacto co grupo:

- Os alumnos **entran en TwinSpace coas súas claves (usuario e contrasinal)**, facilitadas polo seu profesor.
- Os alumnos enchen os seus perfís, van á páxina de presentación e fan a primeira actividade: **encher o seu perfil e saudar, de forma educada, ós amigos europeos, a través dos comentarios dos seus perfís.** Pódeselles orientar para encher o perfil dándolles un esquema do que debería incluír o perfil: familia, gustos, hobbies pero nada de información persoal como teléfono ou enderezo. Tamén deben subir unha imaxe que os represente.



- Os alumnos van á páxina de presentación e **coñecen cal é o seu equipo.**
- Unha vez saben a que grupo pertencen deben **ir á subpáxina do grupo** correspondente, onde traballan a partir de agora.

Fase 2: Desenvolvemento (4 sesións)

Paso 1: Preparación de subpáxinas para cada equipo internacional

Os profesores crean unha subpáxina para cada equipo internacional, que conterá os seguintes contidos cando remate a actividade.

1. Un fío de foro para cada equipo
2. Un muro colaborativo do grupo insertado.
3. Unha imaxe Thinglink. Unha fotografía por cada subgrupo nacional (membros dun mesmo equipo e un mesmo centro) que conterá os enlaces dos vídeos presentación de cada alumno.

! Non esquezas que necesitas o permiso de imaxe dos teus alumnos. Se os teus alumnos son menores de idade necesitarás unha autorización dos seus pais ou titores legais.



Paso 2: Participación no foro *Primeiros contactos*

- Cada profesor crea un fío para o seu equipo e enlázao á subpáxina do equipo.
- Cada alumno deixa unha pregunta, que pode estar relacionada co proxecto, e por outra parte debe responder ou facer referencia ó escrito polos outros (responder ou citar).
- Esta actividade non require que se faga simultaneamente, pero sí se aconsella poñer unha data límite para rematala.



Paso 3: Vídeo presentacións

- Primeiro necesítase unha foto do subgrupo nacional (membros dun mesmo equipo e un mesmo centro). Pódese facer nalgunha localización interesante da súa cidade/pobo, ou incluso do seu centro escolar.
- Cada alumno fai un vídeo de presentación, con información persoal. Súbeo a unha plataforma (youtube).
- Os membros do subgrupo nacional deben crear unha conta en Thinglink e alí subir a foto de grupo e enlazar os vídeos individuais de presentación.
- Unha vez feita a imaxe de Thinglink deben enviar un enlace ó titor do seu equipo que se encargará de insertala na subpáxina do grupo.



Paso 4 : Fotografía da súa infancia

- Os alumnos colgan unha **fotografía da súa infancia**, sen indicar o seu nome, no muro colaborativo, por exemplo [Dotstorming](#). Na subpáxina do equipo, xunto á imaxe inclúen
 - Un número para poder identificala.
 - Dous datos verdadeiros sobre eles (as informacións deben estar mencionadas previamente no seu perfil ou no vídeo de presentación).
 - Un dato falso.



Revisando os vídeos e os perfís adiviñan quen é quen

- Pon as súas respostas e comentarios no mesmo muro:
 - Cada alumno debe comentar como mínimo tres fotografías.
 - Como cada fotografía ten máis dun comentario, se unha fotografía xa foi comentada o seguinte en engadir unha resposta pode explicar se está de acordo coa solución dada polo seu compañeiro e por que.
 - Débese poñer unha data límite para poñer os comentarios, despois desta, cada alumno deberá identificarse e colgar a súa foto actual no muro.



Fase 3: Recollida de datos e promoción (3 sesións)

Paso 1: Concurso '¿Coñeces o teu equipo?'

- Os profesores crean a páxina *¿Coñeces o teu equipo?*

- Nesta actividade os alumnos teñen que crear **dúas preguntas sobre sí mesmos** de verdadeiro/falso ou resposta curta e **enviar un correo privado ó profesor titor do seu equipo** a través do TwinSpace coa pregunta e a resposta.
- Con esta información cada profesor titor debe compartir as preguntas co resto de profesorado (pódese utilizar un documento compartido de google ou simplemente o correo) e un dos titores debe crear o **cuestionario/concurso** (se o número de alumnos é moi grande poderíase facer un cuestionario por cada equipo).
- Á hora de poñer as preguntas nun cuestionario común é unha boa idea que se lles axude dicindo a qué equipo pertence cada pregunta.



- Unha boa aplicación para facer o concurso é [Quizizz](#). Esta aplicación permíteche crear un cuestionario onde os alumnos poden participar simultaneamente ou non. Obtense puntuación por preguntas acertadas e por tempo de completión.



- Ós alumnos con mellor puntuación pódeseles dar unha insignia virtual. Poñer unha foto dos gañadores coas insignias no diario do proxecto.



Paso 2

- Os alumnos e os profesores deben ir completando o **diario do proxecto**. Poderíase establecer unha orde (por exemplo, alfabética) e en cada actividade un membro de cada equipo internacional debería facer un comentario e valoración do mesmo no diario do proxecto.



- As páxinas de TwinSpace pódense facer públicas desde un inicio, ó final de cada etapa ou final de proxecto. Unha vez públicas recoméndase dar difusión a través da páxina web do centro e as redes sociais.

PRODUTO(S)/RESULTADO(S) ESPERADO(S)

Vídeos das presentacións dos grupos e muro coas fotos dos alumnos.

FERRAMENTAS DO TWinspace/FERRAMENTAS 2.0 EXTERNAS

Perfil individual do TwinSpace, páxinas, foro TwinSpace, ferramenta para gravar/editar vídeo, ferramenta para crear imaxe con enlaces (Thinglink), muro colaborativo (Dotstorming, Padlet) e creador de cuestionarios (Quizizz, Kahoot)

EXEMPLO(S) DE ACTIVIDADES EN PROXECTOS REAIS (EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS)

- **Proxecto: Mystères et Enquêtes/ Misterios e investigacións**

IES Alfred Ayza, Peñíscola

<https://twinspace.etwinning.net/9937/pages/page/56140>